



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 25/05/2018.

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas do día vinte e cinco de maio de dous mil dezaoto, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D.^a Marta Rey Lema
D. José Antonio Vidal Mira
D.^a María Élda Pequeño Lorenzo
D.^a Estephanie Castro Oanes
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D.^a Paula Mouzo Maceiras
D.^a Raquel Rodríguez Amigo

Non asisten:

D. José Manuel Rodríguez Blanco

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García (en réxime de acumulación)

Interventor: D. F. Javier Ulloa Arias (en réxime de acumulación)

O alcalde da a benvinda ao interventor en réxime de acumulación, Sr. Ulloa Arias.

A Sra. Rodríguez Amigo excusa a ausencia do concelleiro do grupo mixto Sr. Rodríguez Blanco, quen non pode asistir polo falecemento dun familiar, que nestes momentos está sendo velado.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* da acta da sesión ordinaria celebrada o 16 de marzo de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Non formulándose ningunha observación, queda aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada o 16 de marzo de 2018.

2º. Modificación da Ordenanza municipal de emerxencia social do Concello de Vimianzo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 15 de maio de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar social reunida o 21 de maio de 2018, que se transcribe literalmente:



"PROPOSTA DE ACORDO"

Asunto: modificación da Ordenanza municipal de emerxencia social do Concello de Vimianzo.

Visto o informe-proposta elaborado pola área de Servizos Sociais, respecto da modificación da ordenanza municipal de emerxencial, en abril de 2018 (BOP n.º 107 do 07.06.2016).

Visto o informe emitido pola secretaría municipal o 14 de maio de 2018, ao abeiro do disposto no art. 3.d) apartado 1º do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o regulamento do réxime xurídico dos funcionarios con habilitación nacional.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Benestar social, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal de emerxencia social Concello de Vimianzo, que afecta aos artigos 4.a) e 11.1.p), que quedan redactados da seguinte maneira:

Artigo 4. Requisitos das persoas beneficiarias

Serán requisitos necesarios para a concesión destas axudas:

a) *Residir e estar empadroad/a no municipio de Vimianzo de forma ininterrompida por un período mínimo de 1 ano inmediatamente anterior á data da solicitude, agás para aquelas situacións que ponderadas polos Servizos Sociais comunitarios se valoren como unha situación de grave risco de exclusión social debidamente acreditada no preceptivo informe social.*

Artigo 11. Documentación

1. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

(...)

p) *Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública. Agás naquelas situacións debidamente motivadas e xustificadas no informe da traballadora social.*

Neste punto enténdese que están ao corrente no caso de que a débeda estea aprazada, fraccionada ou se acordara a suspensión con ocasión da impugnación da correspondente resolución de reintegro.

Segundo.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Vimianzo, a 15 de maio de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que se trata de adaptar á ordenanza á realidade, posto que a súa finalidade é atender situacións de exclusión social. Entre as circunstancias que ás veces dificultan conceder as axudas están os requisitos de empadronamento e a situación de estar ao corrente coas obrigas tributarias, esixida pola Lei de Subvencións de Galicia.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.



3º. Modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario, expediente n.º 2018/CE/01.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 15 de maio de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos reunida o 21 de maio de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Considerando a posibilidade de aplicar o superávit orzamentario no exercicio 2018 a financiamento de investimentos financeiramente sustentables, por Providencia de Alcaldía incoouse expediente para a aprobación dunha modificación de crédito mediante a modalidade de crédito extraordinario.

Visto que o informe de Intervención, no que se pon de manifesto o cumprimento dos requisitos da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, así como o importe do superávit que ascende a 128.821,97 €.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Alcalde propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 2018/CE/01 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario con cargo á aplicación do superávit, cuxo detalle é o seguinte, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Orzamento de gastos:

Aplicación orzamentaria		Descrición da actuación	Euros
933	632.00	Xestión do patrimonio. Inversión de reposición en Edificios e outras construcións	77.000,00 €
171	619.00	Parque e xardíns. Outras inversións de reposición	4.000,00 €
162.1	635.00	Recollida, eliminación e tratamento de residuos. Inversión de reposición de Mobiliario	30.000,00 €
153.2	619.00	Pavimentación vías públicas. Outras inversións de reposición.	17.821,97 €
		TOTAL GASTOS	128.821,97 €

Orzamento de ingresos:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	128.821,97 €
	TOTAL INGRESOS	128.821,97 €



--	--	--

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que como resultado da liquidación do exercicio 2017 o concello conta con un superávit que se pode gastar no presente exercicio, previa incorporación ao vixente orzamento vía modificación de crédito. O destino son investimentos financeiramente sostibles, que teñen que ver cos servizos públicos básicos e cunha vida útil superior a 5 anos. Explica que se vai facer unha remodelación da casa do concello, ubicando a área económica no primeiro andar, o que se traduce nun aforro enerxético importante. O salón de plenos ubicaríase no segundo andar. As obras faríanse con medios propios, adquirindo os materiais necesarios (mamparas, xanelas, etc.). Tamén se quere impulsar a posta en marcha da Casa de Cultura de Baíñas, para poñer en funcionamento o auditorio. O problema principal do edificio é a humidade, porque son paredes de ladrillo sen illamento de ningún tipo. Faríase unha fachada ventilada e o resto con medios propios. Tamén se prevé facer unha área recreativa na Carballa (Serramo) e poñer os medios para facer efectiva a separación dos residuos sólidos urbanos. Nunha primeira fase faríase a separación de envases e plásticos, para o que é preciso dotarse de máis colectores amarelos. Para 2020 a Unión Europea esixe acadar unha porcentaxe de reciclaxe do 50% dos residuos. Por último, adícase unha pequena cantidade a complementar a partida de mantemento viario.

A concelleira do PSOE sinala que non vai dicir que non a esas obras que son necesarias, pero agarda que axiña podan ver as memorias deses traballos. Parécelle pouco os 17.000 euros que se adica a vías públicas.

A concelleira do PP está a favor de que se fagan investimentos, pero gastar 77.000 euros en reformar a casa do concello parécelle excesivo habendo as carencias que hai: o parque infantil está desfeito, hai áreas recreativas abandonadas... Hai moito onde gastar. Considera desproporcionado gastar 77.000 euros no concello e só 17.000 en pistas.

A concelleira de IxV vaise abster porque non viron os proxectos, senón só os números, que son os do goberno. Di que as obras quedan como quedan porque non se axustan demasiado os números. Os 17.000 euros para complementar a partida das pistas son insuficientes. Tampouco sabe se o destinado para a Casa de Cultura de Baíñas é suficiente, pero dende logo vai no tempo rematala dende o 2011. Conclúe que non teñen nada en contra das obras plantexadas.

O alcalde agradece ao PSOE que apoie, e a IxV que lle aclare á concelleira do PP que os 77.000 euros son para a casa do concello e a Casa de Cultura de Baíñas. Este investimento trae aforro, e no imos entrar no desastre da Casa de Cultura de Baíñas, que este goberno tivo que ir remendando estes anos. A maioría da xente opina que hai que tirar con ella e facela de novo. Puntualiza que estamos aprobando números, non proxectos, que aínda non os temos, pero si temos orzamentos e por iso temos cifras.

O alcalde lembra que no POS+2018 apostouse pola renovación do pavimento, e tamén nos fondos GDR. Di que teñen pero de 700.000 euros en pistas, de xeito que nunca tiveron tantos recursos propios adicados ao mantemento e mellora do viario, aínda que tratarán de que sexan moitos máis, pero hai que buscar o equilibrio no reparto dos recursos.

Continúa o alcalde a súa intervención esixindo concreción ao PP: diga que áreas recreativas están destrozadas. Ás veces xurden emerxencias e pásase facer mantemento. A maioría dos parques teñen pavimento de corcho, non herba, polo tanto non pode haber maleza como di a concelleira.



A Sra. Rodríguez Amigo responde que, se o alcalde quere, dille que áreas son. Refírese ao parque de Vimianzo.

O alcalde pídelles respecto e que fale cando lle toca. Sabe que o parque infantil de Vimianzo vai ter unha cuberta e tamén que non está destrozado.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor de Adiante Vimianzo e Sra. Mouzo Maceiras, e tres abstencións de IxV e Sra. Rodríguez Amigo, e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Aprobación do convenio remitido pola Deputación da Coruña, polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, para regular o proxecto “Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte”.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 15 de maio de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 21 de maio de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, para regular o proxecto “Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte”.

Visto o borrador do convenio remitido pola Deputación da Coruña, polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, para regular o proxecto “Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte”, cuxo texto se transcribe:

“CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DA LARACHA, CABANA DE BERGANTIÑOS, CARBALLO, DUMBRÍA, LAXE, MALPICA DE BERGANTIÑOS, MAZARICOS, PONTECESO, VIMIANZO E ZAS, PARA REGULAR O PROXECTO “PARQUE ARQUEOLÓXICO DO MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE”

Na cidade da Coruña, a ... de ... de

REUNIDOS

- D...., presidente da Deputación Provincial da Coruña,
- D ..., alcalde-presidente do concello da Laracha
- D. ..., alcalde-presidente do concello de Cabana de Bergantiños
- D. ..., alcalde-presidente do concello de Carballo
- D. ..., alcalde-presidente do concello de Dumbría
- D. ..., alcalde-presidente do concello de Laxe



D. ..., alcalde-presidente do concello de Malpica de Bergantiños

D. ..., alcalde-presidente do concello de Mazaricos

D. ..., alcalde-presidente do concello de Ponteceso

D. ..., alcalde-presidente do concello de Vimianzo

D. ..., alcalde-presidente do concello de Zas

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os concellos –especialmente os pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así coma polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.



MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS E OU PROXECTOS CONSORCIADOS

Entre ambos os dous puntos, a Deputación Provincial da Coruña propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos– serán rotatorios entre os concellos integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA DE OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sostible o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sustentabilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluín-te, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na



necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sustentabilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores da arte rupestre deste territorio.

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para implementar e xestionar conxuntamente o **proxecto de promoción e posta en valor do Parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte**, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira.- Definición.

1. Os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto **Parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte**, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

2. O presente convenio formúlase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, ao mesmo resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

3. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación.

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, crea un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

3. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso, en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.



1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes co fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do patrimonio megalítico existente na Costa da Morte, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.

2. As actuacións concretas que se van levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades que se han desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na Base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. As actuacións xestionadas conxuntamente rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sustentabilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurarase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.

1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas .

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

3. De igual xeito, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, a conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.



1. As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento ostente a Presidencia.
2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do servizo de Promoción económica, turismo e emprego.

Sexta.- Duración.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h.1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos, prorrogables expresamente por un máximo de catro anos adicionais. Xa que logo, as entidades asinantes comprométese a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido o dito prazo.
2. No caso de que algunha das partes instase á súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar a dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva. En tal caso, procederase a constituír a comisión liquidadora á que se fai referencia na base décimo novena.

Sétima.- Procedemento para a xestión conxunta do proxecto.

1. Para a xestión conxunta do proxecto deberá tramitarse un expediente para redactar unha Memoria e Plan de actuación que deberá contar, entre outros, cos seguintes apartados:

- Antecedentes, medios persoais e materiais necesarios adscritos, ingresos e gastos orzamentarios.
- Delimitación e alcance das prestacións a realizar concretadas nun Plan director do proxecto.
- Estudo económico-financieiro, no que se fixen os custos unitarios das prestacións a realizar en cada un dos concellos e forma de financialas (recursos xerais, taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluírá un borrador de ordenanza de taxas ou prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.
- Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas a realizar polo persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.
- Proposta sobre a forma de xestión de cada unha das accións, contratos de obras, servizos ou subministracións, mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña.



- Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.

2. De igual xeito, tamén será un requisito previo para a xestión compartida dalgún servizo, a aprobación da Memoria e Programa de actuación, así como, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos (no caso de realización de prestacións individualizadas co carácter de servizo público), que deberán tramitarse consonte ao seguinte procedemento:

- Aprobación inicial da Memoria e Programa de actuación por cada un dos concellos, así coma, no seu caso, regulamento do servizo, ordenanzas fiscais ou reguladora de prezos públicos.
- Exposición ao público por prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.
- Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión que se teña determinado, e aprobación definitiva, no seu caso, da ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte ao disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

3. Finalmente, no caso de que se teña proposto a xestión das actuacións que vai a desenvolver a Deputación, deberán adoptar cada un dos concellos o acordo de delegación e a posterior aceptación da Corporación provincial, coa maioría esixida polo artigo 47.2 h) da Lei 7/85, de bases de réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión das actividades ten que engadirse a relativa a xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do proxecto estará impulsada e dirixida por un órgano Colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

- a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.
- b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da Alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.



5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao servizo de Promoción económica, turismo e emprego da Deputación, coas funcións da base décimo cuarta.

Novena.- Atribucións do Consello de dirección.

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

- a) Nomear a presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.
- b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.
- c) Aprobar inicialmente e proporlles ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.
- d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.
- e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, concesión de servizos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.
- f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
- g) Acordar a resolución do presente convenio.
- h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Décima.- Distribución de votos e adopción de acordos.

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.
2. Non obstante, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.

Décimo primeira.- Réxime de sesións.

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña a presidencia ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.
2. En tal caso, recibida a solicitude, a presidencia deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.
3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

Décimo segunda.- Atribucións da presidencia.

Corresponde á presidencia exercer as seguintes atribucións:



a) Convocar, presidir e dirixir as sesións da Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio.

b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto.

c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

Décimo terceira.- Disposicións xerais.

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

2. Subsidiariamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

Décimo cuarta.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Décimo quinta.- Recursos humanos e materiais.

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo sexta.- A separación dalgún membro.

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederá á súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

Décimo sétima.- Modificación e resolución.



1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.
2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:
 - a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
 - b) Por disposición legal ou por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.
 - c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.
3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

Décimo oitava.- Entrada en vigor e aplicación.

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base oitava.
2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio.

Visto o informe emitido pola secretaría e intervención municipais o 15 de maio de 2018, en sentido favorable.

Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, para regular o proxecto "Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte".

Segundo.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo á Deputación Provincial.

Terceiro.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Vimianzo, a 15 de maio de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que se trata dun convenio para formalizar a colaboración entre unha serie de concellos e a Deputación para xestionar o Parque do Megalitismo. Son 500.000 euros que pon a Deputación, coa finalidade de adquirir as parcelas onde se ubican. O Concello de Vimianzo é o que ten un maior número de mámoas de toda Galicia. Felicita á Deputación por esta iniciativa, porque a Xunta de Galicia en 18 anos non fixo nada, só un proxecto sectorial que impuxo restricións aos propietarios sen explicarlles nada, de feito en Vimianzo foi o concello quen convocou reunións para dar información. Non pode transmitirse a idea de que o patrimonio é unha carga.

A concelleira do PSOE di que incluso entran concellos gobernados polo PP cando a Xunta ten a chave na man. Grazas á Deputación vaise por en marcha iso, do mesmo xeito que funciona o dolmen de Dombate. Semella que Feijoo di unha cousa, o DOG tamén pero a realidade é outra. Por iso vai votar a favor,

A concelleira do PP declina intervir.



A concelleira de IxV di que benvido sexa o convenio, e oxalá se cumpra a promesa da Xunta e que avance este proxecto.

O alcalde afirma que o concello está xestionando os dolmens e hai un roteiro do megalitismo, cun resumo en cada dolmen e un código QR que da opción de obter máis información e ver a ruta para non perderse. E lembra que tamén se veñen de adquirir os principais dolmens: Pedra Cuberta e Pedra da Arca.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por asentimento dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

5º. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no BOP:

- BOP n.º 61 do 02.04.2018, aprobación inicial de expediente de modificación do cadro e catálogo de persoal do orzamento do ano 2018;
- BOP n.º 61 do 02.04.2018, anuncio de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza núm. 16, reguladora do ICIO;
- BOP n.º 61 do 02.04.2018, anuncio de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza núm.24, reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas;
- BOP n.º 80 do 27.04.2018, anuncio de aprobación definitiva de expediente de modificación do cadro e catálogo de persoal do orzamento do ano 2018;

Asemade, dase conta dos seguintes anuncios relacionados con asuntos de competencia plenaria:

- Envío do anuncio de licitación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos ao DOUE o 13.04.2018 e publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público o 14.04.2018.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende resolución núm. 325/2018 do 14/03/2018 á núm. 596/2018 do 21/05/2018.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

7º. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

A secretaria explica que se remitiron os seguintes informes:

- Captura de tipos impositivos
- ISPA



- Período medio de pago a provedores 1º trimestre 2018: -8,54 días
- Informe de morosidade 1º trimestre 2018
- Informe execución trimestral 1º trimestre 2018

O Pleno da Corporación queda enterado.

8º. Mocións.

Non hai mocións.

9º. Rogos e preguntas.

O alcalde abre o turno de rogos e preguntas, comezando polo grupo mixto.

9.1. PSOE

A concelleira Paula Mouzo plantexa as preguntas:

- 1ª. Vista a sentenza firme da Casa de Cultura, na que se involucrou ao alcalde e concelleiros socialistas, e visto o sufrimento causado e os gastos nos que incurriron esas persoas, ¿pensa o alcalde disculparse públicamente? ¿vai abonar o concello os gastos?
- 2ª. ¿Que aportación económica fixo o concello para o festival Neghra Sombra? Fíxose un agradecemento no Facebook pero non se acordou dos voluntarios.
- 3ª. ¿Quen asumiu os gastos do xantar de Santa Rita? Antes criticaba e agora no goberno faíno.

A continuación formula o rogo:

- 1º. Acerca da contratación das escolas culturais, sinala que o criterio prezo fai que o servizo e os salarios dos mestres baixe. Hai asociacións que se plantexan saír das escolas por ese motivo. Roga que se modifiquen os pregos para evitar a precariedade laboral e na formación.

9.2. Partido Popular

A concelleira Raquel Rodríguez pregunta cando se vai estabilizar o servizo de urbanismo e roga que se faga canto antes. Na última acta da xunta de goberno ven como se retiran as memorias e logo a xente fai a obra igual. Fala dun cambio de criterio en febreiro deste ano sobre a documentación a presentar para un cambio de cuberta dun galpón, que lle afecta a varias persoas. Pide ao alcalde que explique claramente cal é a vara de medir neste concello e roga que metan a unha persoa en urbanismo que explique e deixe de aplicar a lei do embudo.

9.3. IxV

A concelleira de IxV comeza cos rogos:

- 1º. No lateral do edificio da Cruz Vermella hai unha zona que precisa limpeza.
- 2º. Contratouse a un par de persoas para mantemento, pero as baldosas na avenida de Fisterra, no tramo do Vázquez ata a Seat, seguen sen reparar e pide que se arranxen.
- 3º. Denuncia o estado de deterioro do edificio de servizos múltiples da Torre: a fachada ten un estado lamentable. Afirmar que este goberno leva mal a palabra “mantemento”. A barandilla do lateral e o desaugue seguen sen arranxarse.
- 4º. Roga que se faga o mantemento da pista de acceso a Montetorán, que da pena.



5º. É necesario arranxar as portas da área recreativa do Val, que non abren, e un dos baños non funciona e da mal olor.

6º. Roga que se remate a Casa de Cultura de Baíñas.

7º. Ponteceso vai levar a cabo o servizo de madrugadores nun dos colexios do municipio, a iniciativa de educación familiar. Pide que se estude se hai demanda e se preste este servizo.

8º. Pide que se dean a coñecer o antes posible os campamentos municipais para este verán.

A continuación formula as preguntas:

1ª. Outro traballador tivo que acudir á xustiza para facer valer os seus dereitos e esto vaille ao peto aos veciños. Houbo que pagarlle 2.700 euros. Pide que o alcalde non aparente e faga o que trata de vender. Pregunta se esta traballadora (normalizadora) vai ser contratada ou non por demandar ao concello?

2ª. Di que en Piñeiros fíxose moito ruído no 2011 por unhas obras que daquela eran moi necesarias. O 24 de abril de 2017 Augas de Galicia fai unha inspección, en outubro reitera o requirimento e en maio resolve sancionando cunha multa de 5.000 euros ao concellos por inaxeitada evacuación de pluviais. ¿Que medidas vai tomar ou van seguir pagando sancións?

3ª. ¿Está rematada a obra de alcantarillado na Piroga? Os veciños están descontentos, non sabe se os problemas foron resoltos pero si como quedou esa obra. A entrada da Piroga, tan criticada polo alcalde cando estaba na oposición, segue como estaba, únicamente fixo un parcheado. Igual que en Tras do Muíño, que segue igual meses despois.

4ª. Varios veciños do Comareiro dixéronlle que un empregado municipal intentou entrar nunha vivenda para unha inspección. ¿É certo eso e son maneiras de proceder?

5ª. Pidiu ver o expediente de licitación da redacción de proxectos, viuño e solicitou copia da documentación, pero aínda non se lle remitiu. Discrepan sobre ese concurso e teñen dereito a ver esa documentación. ¿Por que o alcalde non aplica a transparencia que vende?

6ª. Levou unha sorpresa cando viu os decretos, pois un dos concursos máis importantes é a privatización do lixo e a oposición non pode participar nas mesas, pero si o alcalde e unha concelleira. Considera que ou participan todos os grupos políticos ou entón que designe unha mesa composta só de funcionarios. ¿Cal é o motivo de privar á oposición de estar na mesa?

7ª. Estamos sen técnico de urbanismo, e nas últimas xuntas hai desestamentos, arquivos de expedientes porque non subsanan... e todo con informes de técnicos dende A Coruña. No 2017 saíron 4 licenzas. Por outro lado, a praza de Secretaría está cuberta un día á semana, o que xera moitos problemas. Non está falando a título persoal de ninguén. En febreiro o alcalde xustificou o retraso nun expediente na carga de traballo da funcionaria, única responsable do asesoramento legal no concello. Agora tamén a Intervención está cuberta só un día á semana. ¿Cal é a situación que vai vivir Vimianzo? ¿Os veciños merecen esta situación? ¿Os concelleiros teñen que vir ás comisións exclusivamente os luns?

8ª. Esta semana na Voz de Galicia saiu unha nota, respecto do acceso ao foso do castelo por unha propiedade privada que recentemente se pechou. Denuncia que o alcalde, en vez de dialogar con esa veciña, decide remitirle un escrito o 27 de febreiro, que le textualmente. ¿Son esas maneiras de pedir colaboración?

Respecto ás preguntas do PSOE, o alcalde comeza respondendo da sentenza da Casa de Cultura. Lembra que foi unha demanda presentada polo PP no 2011 e, diante dunha interrupción da oposición, pide que o deixen continuar. O daquela alcalde non se persoou, como sería normal, e foi o que fixo cando chegou á Alcaldía O xuíz instrutor instruíu, e o concello non acusou a ningún dos membros da xunta de goberno local. Ao non haber acusación particular, decaiu a imputación contra a xunta de goberno. O xuíz de instrucción entendi que había indicios de delito, e xa sabemos como acabou o xuízo oral. No seu momento falou cos membros da xunta de goberno e déronlle as grazas. Se non ten coñecemento, aconsella á concelleira socialista que fale co Sr. Miñones. Ao respecto dos pagos, é curioso que o PP despois desistiu da súa acusación contra Alejandro, Manuel Rodríguez Lema e Julio Vázquez. Os custes do procurador foron 1.040 euros. Existe un seguro de responsabilidade civil e o concello no seu momento remitiu a solicitude dos concelleiros para o seu abono se procede.



Comenta que no festival Neghra Sombra o concello era co-organizador e botou unha man en aspectos importantes, se ben este asunto pódello explicar en detalle a concelleira de cultura. O festival foi un éxito e Vimianzo é referencia a nivel galego, coa presenza de Manuel Rivas como pregoneiro.

Explica que o xantar de Santa Rita antes facíase con outros concellos da zona, cun prezo medio do plato de 60 euros, e tamén se pagaba polo concello a cea de Nadal. Cambiouse esa política e na cea de Nadal cada un paga o seu e decidiron ter unha colaboración en Santa Rita, que nin moito menos custa eses cartos e trátase dunha costume que teñen outros concellos. Curiosamente a xente que ía antes agora non ven.

Sinala que non hai vinte anos que funcionan as escolas culturais, como pode parecer do dito pola concelleira do PSOE. Lembra que no 2011 os monitores se contrataban a dedo. No 2012 por vez primeira se licitou o servizo, dado que non se pode contratar a dedo e cumpría darlle estabilidade. Foi este goberno quen iniciou a colaboración con asociacións como Río Grande ou Trubisquiñas, co obxectivo de ter unha canteira de música tradicional. Os mestres teñen que cobran segundo o convenio do sector, porque así o establece o prego. Quen antes cobras 12 euros a hora non cotizaba todas as horas e agora cobra 9 euros a hora e cotiza todas. Polo tanto, precariedade era o de antes. Ve á xente moi animada e estes días teñen as clausuras das escolas, como o éxito do día da Muiñeira. Non sabe que información manexa a oposición nin a quen lle preguntan. En calquera caso, a relación do concello é coa empresa adxudicataria, non cos traballadores.

Respecto do rogo do PP, tratan de dar unha imaxe de Vimianzo que é para saír correndo. Para iso o mellor é dar datos: no 2011 o parque empresarial estaba baleiro e na actualidade estase enchendo de naves. ¿As empresas están sen licenza logo? Entón están mentindo. Pode ler as resolucións e as actas da xunta de goberno. En urbanismo tamén hai actuacións de reforma, e os técnicos deberían ser veraces cos veciños que lles encargan os proxectos. O urbanismo non é discrecional, pois a única vara de medir chámase Lei do Solo de Galicia 2/2016, que aprobou o PP, texto que indica que actuacións van por comunicación previa e cales por licenza. O que pasa é que algunha persoa pensa que cando acaba unha carreira universitaria se acaba de estudar. O fácil é botarlle a culpa ao concello, pero o concello non anda cambiando de criterio. Descoñece unha licenza de primeira ocupación que despois se denegou.

A concelleira do PP pásalle unha acta da xunta de goberno referida a unha licenza de Pérez Rey.

A secretaria le as actas do 21 de marzo de 2018 e do 9 de abril de 2018, indicando número de expediente e parcela na que se ubica a edificación, aclarando que son expedientes distintos.

O alcalde sinala que esta é a oposición basura.

Entre o público, un dos asistentes (identificado como Evaristo Blanco), sentado en primeira fila, érguese do seu asento e califica ao goberno de "goberno basura", con insultos ao alcalde.

O alcalde ordena que esta persoa abandone a sala de sesións e indica que este tipo de interrupcións dunha sesión plenaria poden ser sancionables, polo que pide á secretaria que se informe sobre o tema.

A secretaria asente.

O alcalde segue contestando á concelleira de IxV sobre os desperfectos nas casas baratas e pide á concelleira que o deixe falar. Contrataron a dous albaneis e están facendo arranxos. O arranxo da pista de Montetorán está previsto. Hai un problema de humidade no Val que se vai arranxar, e o tema dos malos olores só se dan cando hai xente. Hai unha porta que rincha, pero abre.

O alcalde pregunta se hai demanda de madrugadores e di que se a AMPA o plantexa, estudarán para poñelo entre todos. Deberían preocuparse porque permitan que cando chove se deixe aos nenos entrar directamente no centro en vez de estar mollándose no parque.

Respecto do campamento de verán, comezarán cando rematen as clases e serán ata que empecen de novo en setembro. Aínda están co programa de clausura das escolas deportivas e culturais e pide que se permita que dentro de dúas semanas se faga público.

Respecto da normalizadora, lembra que Alejandro despediu ao normalizador e foi tres veces a xuízo. Neste caso, o contrato remataba o 31/12/2017 e a traballadora demandou por despido improcedente e o concello optou por indemnizar en lugar de readmitir. Teñen que ter coidado de non contratar en fraude de lei que dea lugar a indefinición, sobre todo en postos que non son deles.

Considera que hai que ter moita "jeta" para botarlle a culpa de recoller a porquería en Piñeiros e botala para un camiño, que como consecuencia disto se desfixo. Este goberno puxo unha depuradora e se tramitaron todas as



autorizacións. Lembra que cando chegou ao goberno tiñan 50 puntos de vertido sen dar de alta. Non obstante, a concelleira se equivoca unha vez máis, por osadía e falta de rigor, pois a proposta de sanción é respecto dunha fosa que descubriron o outro día e non é municipal, senón privada, e colocouna Manuel Rodríguez Lema.

A Sra. Rodríguez Ordóñez di que lle está falando de Piñeiros.

O alcalde di que acaban de coñecer que parte do saneamento da Ponterroda vai directamente ao río e vano solucionar, e así está todo. A obra de saneamento da Piroga é importante e evitou problemas causados por outra obra que fixo hai anos o anterior goberno.

Explica o caso do Comareiro: con motivo dunha segregación, por unha situación medieval protagonizada por señores do PP (os Castro-Rial), mandouse o expediente a Patrimonio, que lles instou a facer inspección e remitirles o informe ata en tres ocasións. Dubida que ningún empregado municipal tentara entrar pola forza nunha vivenda e con malas palabras. Supón que o que farían sería chamar á porta.

Sinala que a concelleira de IxV estivo na mesa de contratación na licitación do servizo de redacción de proxectos e dirección de obra, e ademais despois accedeu ao expediente. Non hai problema en darlle copia, sempre que garde a debida discreción. Xa se ve despois que non len ben os papeis. E hai que ler e estar ao día da normativa. A reunión da que fala era con empresarios con motivo da nova lei de contratos. Nos concellos está permitido que as autoridades formen parte das mesas, pero hai unha limitación dun terzo e no concello non hai funcionarios suficientes para que a oposición estea representada.

Ao respecto dos desistimentos e arquivos de expedientes urbanísticos, ambos dependen da vontade do solicitante, ninguén lles obriga.

Explica que non é o alcalde quen nomea aos secretarios, é a Dirección Xeral de Administración Local. Gustaríalle telos máis días no concello pero tal como están funcionan ben e agradece o traballo. Houbo un tempo en que no concello había dous técnicos no lugar do secretario e o interventor.

Ao respecto do asalto, aínda ha de ser culpa do alcalde que a propietaria meta alí esa cancela. Falou moitas veces con eles, e os que teñen o 25% non teñen problema en deixar pasar, pero a que ten o 75% si o ten. Dille á concelleira que fale con eles, que igual comparten ideoloxía. A obriga do alcalde é poñer os medios, e diálogo houbo. Pero non pode quedar de brazos cruzados e hai que pasar das palabras aos feitos. Garante que se celebrarán tanto a cea medieval como o asalto. Foi cando a esa señora lle adxudicaron o 75% cando adoptou as súas decisións.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 21:48 horas, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 25-05-2018.

O alcalde

A secretaria en réxime de acumulación